



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O DÍA MÉRCORES 7 DE XANEIRO DE 2026.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e no Decreto deste Alcalde número 475/2023, do 3 de xullo,

Tendo en conta que o 6 de xaneiro do 2026, día no que correspondente realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, o Concello permanecerá pechado ao tratarse dun festivo estatal,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local** para:

- ➔ Día: mércores 7 de xaneiro de 2026.
- ➔ Hora: 09:00.
- ➔ Lugar: Salón da Alcaldía da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 23 DE DECEMBRO DE 2025.
2. APROBACIÓN DO SEGUNDO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "REHABILITACIÓN ESCOLA MUNICIPAL INFANTIL DE PADRÓN", POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, EXPTE. 26/2025-OB-PAS, 2025/C003/000012
3. RECTIFICACIÓN DA LIQUIDACIÓN EN CONCEPTO DE TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO APROBADA POR ADORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 30 DE SETEMBRO DE 2025. PROPIEDAD CON REFERENCIA CATASTRAL 15066D506008960000WU.
4. ROGOS E PREGUNTAS

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día no Portal de Cargos Electos accesible dende a sede electrónica do Concello de Padrón (<http://sede.padron.gal/>), coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca